



en A Coruña a 27 de outubro, **Dº Roberto García Fernández**, Xefe Servizo Deportes de A Coruña da Secretaría Xeral para o Deporte e coordinador dos grupos de traballo de DEPORES AO AIRE LIBRE para a elaboración e supervisión dos protocolos FISICOVID-DXTGALEGO

CERTIFICA

- 1 Que consonte ao disposto no apartado 3.21 do Anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, publicado por Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (Diario Oficial de Galicia nº 115, 13.06.2020), a **Federación Galega de ATLETISMO** presentou unha actualización do seu protocolo FISICOVID-DXTGALEGO para a **práctica do Atletismo** no que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no **ámbito do deporte federado autonómico**; en diante o protocolo.
- 2 Que dito protocolo axústase aos requirimentos establecidos na Resolución do 15 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral para o Deporte pola que se aproba o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO no que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia (Diario Oficial de Galicia nº 120, 19.06.2020) e
- 3 Que xunto ao anterior, o protocolo axústanse ao establecido na normativa en vigor sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, para a realización da **práctica deportiva de Atletismo**.

A coruña 2021

